


**CONVOCATORIA DA DIRECCIÓN XERAL DE
CENTROS E RECURSOS HUMANOS, de 10 de
marzo de 2017 do IV CONCURSO DE TRABALLOS
POR PROXECTOS baixo a coordinación (ou coa
participación) da biblioteca escolar.**

2016/2017

OS PITIÑOS: UN PROXECTO DO OVO Á GALIÑA



María Teresa Dóminguez Rodríguez

Susana Lamela Pérez

Equipo de Biblioteca

CEIP Nosa Señora dos Remedios

Ponteareas

2016/2017

a. INTRODUCCIÓN

CONTEXTUALIZACIÓN

O “C.E.I.P. Nosa Señora dos Remedios” está situado en Ponteareas, ao sur da provincia de Pontevedra, pertencente á comarca do Condado. Trátase dunha vila con bastante crecemento de poboación, aínda que coa crise foron moitos os habitantes que marcharon para outras zonas e incluso para outros países en busca dun traballo. Dista 26 km. da área metropolitana de Vigo.

Dito concello conta cun total de 24.000 habitantes aproximadamente que se reparten entre as 24 parroquias existentes e o casco urbano. A este Centro acoden alumnos/as da propia vila e tamén dalgunhas das parroquias rurais. A maioría dos nenos e das nenas destas parroquias desprázanse en autobús escolar e quedan a comer no comedor do colexio.

Hai escolas unitarias nalgunhas destas parroquias, onde asiste moito do noso alumnado de Educación Infantil. Ademais deste Colexio existen no casco urbano de Ponteareas outros dous colexios públicos e dous concertados.

O Centro

O C.E.I.P “Nosa Señora dos Remedios” é un centro público onde se imparten ensinanzas de Segundo Ciclo de Infantil e de todos os Ciclos de Primaria. Conta con 6 unidades de Educación Infantil e 16 unidades de Educación Primaria.

O alumnado

O alumnado do 1º nivel de Educación Primaria está distribuído nas seguintes aulas: 1ºA (25) e 1ºB (24).

A idade deste alumnado está comprendida entre os 6 e 7 anos. Trátase dun alumnado moi heteroxéneo en canto a capacidades, motivacións, intereses, situación social, etc.

EIXOS PRINCIPAIS DO NOSO PROXECTO

O TRABALLO POR PROXECTOS

A aprendizaxe e o ensino a través de proxectos forman parte das metodoloxías chamadas “activas”. Dentro deste ámbito atopamos outras prácticas coma a aprendizaxe baseada en tarefas, a aprendizaxe baseada en problemas, a aprendizaxe baseada en retos...

A proposta que nós propoñemos responde a unha aprendizaxe global dentro da secuencia didáctica do proceso de ensino-aprendizaxe. Esta perspectiva conleva a introdución de cambios no currículo, non só nos aspectos metodolóxicos senón tamén na selección de contidos, na avaliación... Conleva, do mesmo xeito, cambios na organización dos tempos, dos espazos, cambios nos roles...

TRABALLO COOPERATIVO

Usamos a metodoloxía do traballo cooperativo co fin de facer equipos heteroxéneos, no que o alumnado se poida axudar e, así, todos os membros do equipo ter as mesmas posibilidades de acadar os obxectivos propostos.

INVESTIGACIÓN CIENTÍFICA

A través da investigación e a experimentación o alumnado pretendemos que aprendan facendo e vendo como se fan as cousas no mundo real.

ROBÓTICA

Coa robótica na aula, estamos integrando distintas áreas de coñecemento (matemática, informática...) e se lle engadimos que o usamos para descubrir libros na biblioteca, estamos engadíndolle un plus de motivación.

INTELIXENCIAS MÚLTIPLES

- **Intelixencia Lingüístico-verbal:** resposta ás preguntas. As receitas.
- **Intelixencia interpersoal:** cada día coidan dos ovos ofrecéndolles os coidados necesarios para que nazan os pitiños: danlle a volta, controlan que a incubadora teña auga e estea na temperatura axeitada.
- **Intelixencia intrapersoal:** explicánlles ao resto das aulas o proceso do ovo ao pitiño e todo o que foron aprendendo durante o proxecto.
- **Intelixencia naturalista:** pescudan sobre as galiñas, o seu alimento, comparación entre galo e galiña, tipos de comidas que se fan con ovos...
- **Intelixencia visual-espacial:** búsqueda de libros na biblioteca a través de pistas coa axuda do robot.
- **Intelixencia lóxico-matemática:** uso do calendario para seguir os días que faltan para que nazan os pitiños, control do tempo que precisa un ovo para estar ben cocido, tempo que pasa dende a data preferente de consumo dun ovo ata que non se pode consumir...
- **Intelixencia corporal-cinestética:** coa profesora de música crearon unhas marionetas para representar a un pitiño.

PROXECTO OS PITIÑOS: DO OVO Á GALIÑA

TEMPORALIZACIÓN

INICIO: 8 DE MARZO FINAL: 7 DE ABRIL

CURSO

1º Educación Primaria

MATERIAS: CIENCIAS NATURAIS, CIENCIAS SOCIAIS, LINGUA E LITERATURA CASTELÁ, LINGUA E LITERATURA GALEGA, MATEMÁTICAS E PLÁSTICA

OBXECTOS: a, b, c, d, e, g, h, l, j, k, l, m, o

COMPETENCIAS CLAVE: CAA, CMCCT, CD, CSIEE, CSC, CCL, CCEC

CIENCIAS DA NATUREZA

CONTIDOS

B.1.1 Iniciación á actividade científica.

B.1.2 Realización de proxectos con guía na súa estrutura e presentación de resultados.

B.1.3 Busca guiada en internet e noutros soportes.

B.1.4 Elaboración guiada de textos escritos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentación para recoller conclusións.

B.1.5 O traballo cooperativo.

B.1.6 Iniciación ás técnicas de traballo. Recursos e técnicas de traballo intelectual.

B.1.7 Hábitos de traballo, esforzo e responsabilidade.

B3.1. Os seres vivos: os animais.

B3.2. Identificación das características e dos comportamentos de animais.

B3.5. Valoración da responsabilidade no coidado de plantas e animais domésticos e do contorno.

B4.4. Exploración de materiais e obxectos do contorno para identificar propiedades físicas observables (cor, dureza, cheiro, sabor e textura) e a súa utilidade (o ovo).

B5.1. Observación e clasificación de aparellos e máquinas sinxelas do contorno identificando a súa utilidade e evitando estereotipos sexistas (a incubadora e o ovoscopio).

B5.2. Manipulación e observación do funcionamento de aparellos sinxelos domésticos e escolares: a incubadora e o ovoscopio.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

B.1.1 Buscar, seleccionar información de forma guiada e comunicar os resultados en diferentes soportes.

B.1.2 Traballar de forma cooperativa, respectando os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.

B3.1. Identificar e explicar en diferentes soportes, as principais características dos animais

B3.2. Observar e identificar, de maneira elemental e en equipo, algún ser vivo no seu medio natural ou na aula e comunicar de xeito oral e escrito os resultados, empregando diferentes soportes.

B4.2. Experimentar e manipular instrumentos e obxectos sinxelos de uso cotián identificando algunhas propiedades físicas.

B5.1. Manexar obxectos e aparellos simples domésticos e escolares, describir os seus materiais e o seu funcionamento e utilízaos con seguridade evitando estereotipos sexistas

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

CNB.1.1 .1 Busca e selecciona información de forma guiada e comunica o resultado de forma oral e escrita, de maneira limpa, clara e ordenada, en diferentes soportes.

CNB.1.1.2 Manifesta certa autonomía na observación e na planificación de acción e tarefas e ten iniciativa na toma de decisión.

CNB.1.2.1 Utiliza estratexias para traballar de formal individual e en equipo e respecta os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.

CNB3.1.2. Identifica e describe, con criterios elementais, animais e plantas do seu contorno.

CNB3.1.3. Amosa condutas de respecto e coidado cara aos seres vivos.

CNB3.2.1. Recolle datos a partir da súa observación e comunicaos empregando diferentes soportes.

CNB4.2.1. Identifica cor, dureza, cheiro, sabor e textura en materiais e obxectos de uso cotián (o ovo).

CNB5.1.2. Identifica e manexa algúns aparellos e máquinas simples de uso cotián empregándoos con seguridade e evitando estereotipos sexistas.

CIENCIAS SOCIAIS	B1.1. O establecemento de conxecturas, de predicións e, a observación, e experimentación como procesos básicos que favorecen a Iniciación ao coñecemento científico. B1.2. Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea, que supoña un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e facilite o proceso de autorregulación de aprendizaxes. B1.3. Introducción no uso das TIC e outras fontes (directas e indirectas) para obter información, analizala, organizala, documentar o proceso mediante o uso do cartafol e a comunicación das conclusións. B1.4. Planificación, xestión e presentación dos traballos co fin de acadar obxectivos. B1.5. O traballo en equipo. B1.6. Iniciación na creación e o uso de hábitos e técnicas de estudo. B1.7. Valoración do esforzo e coidado do material. B1.8. A cooperación e o diálogo como valores democráticos e recursos básicos na resolución pacífica de conflitos. construtivo e solidario, valorando o esforzo e o coidado do material. B4.1. Uso e medidas do tempo. Nocións básicas: antes, despois, día, mes. O paso do tempo: Liña do tempo dos 21 días do ovo ao pitiño.	B1.1. Realizar traballos de investigación que partan do establecemento de conxecturas, da observación, experimentación e da toma de conciencia dos sentimentos e sensacións como medios básicos para obter información, seleccionala, organizala, extraer conclusións e comunicalas sen esquecer a introdución ao manexo das TIC para este fin e valorando o esforzo realizado. B1.2. Traballar en equipo e adoitir un comportamento de respecto e tolerancia ante as achegas alleas. B1.3. Empregar os mapas mentais como unha técnica básica de estudo. B4.1. Ordenar temporalmente, a través dunha liña do tempo, a evolución e algúns feitos relevantes da súa vida persoal empregando métodos sinxelos de observación e as unidades de medida temporais básicas.	CSB1.1.1. Fai conxecturas, predicións e recolle información a través da observación e experimentación iniciándose no emprego das TIC e outras fontes directas e indirectas, selecciona a información relevante e a organiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica. CSB1.1.2. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades. CSB1.2.1. Participa en actividades individuais e de grupo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario, valorando o esforzo e o coidado do material. CSB1.3.1. Elabora algúns mapas mentais sinxelos como técnica básica de estudo. CSB4.1.1. Localiza e explica, nunha liña do tempo, a evolución e algúns feitos relevantes da súa vida persoal e empregando as unidades de medida do tempo máis básicas..
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA	B2.4. Lectura de diferentes textos como fonte de información e lecer. B2.5. Uso da biblioteca como recurso para desenvolver o Plan lector e como búsqueda de información.	B2.4. Mostra interese e gusto pola lectura. B2.5. Progresar na adquisición do hábito lector.	LCB2.4.1. Expresa o gusto pola lectura como fonte de lecer. LCB2.5.1. Identifica, con axuda, os textos da biblioteca (escritos ou en soporte informático) máis axeitados para obter información e para o seu lecer.

B1.1. Expresión verbal do proceso de razoamento da resolución dun problema sinxelo.

B2.1. Números naturais ata o 99.

B2.7. Identifica os números ordinais.

B2.8. Utilización e relación dos números ordinais. Comparación de números.

B2.9. Iniciación no desenvolvemento de estratexias persoais de cálculo mental.

B2.12. Utilización en situacións familiares da suma para xuntar ou engadir e da resta para separar ou quitar.

B2.13. Resolución de problemas da vida cotiá.

B3.3. Unidades de medida do tempo e as súas relacións: minuto, hora, día, semana e ano.

B5.1. Recollida e clasificación de datos.

B1.1. Expresar verbalmente de forma sinxela o proceso seguido na resolución dun problema.

B2.1. Ler, escribir e ordenar números enteiros utilizando razoamentos apropiados.

B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.

B2.3. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.

B2.4. Identificar e resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.

B3.4. Iníciase no coñecemento das unidades básicas de medida do tempo e as súas relacións, utilizándoas para resolver problemas da vida diaria.

B5.1. Recoller e rexistrar unha información que se poida cuantificar, utilizando algúns recursos sinxelos de representación gráfica: táboas de datos, bloques de barras, diagramas lineais... comunicando a información.

MTB1.1.1. Comunica verbalmente de forma sinxela o proceso seguido na resolución dun problema simple de matemáticas ou en contextos da realidade.

MTB2.1.2. Identifica o valor de posición das cifras en situacións e contextos reais.

MTB2.2.1. Utiliza os números ordinais en contextos reais.

MTB2.2.2. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 99.

MTB2.3.1. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de suma na resolución de problemas contextualizados.

MTB2.3.2. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de resta (sen levadas) na resolución de problemas contextualizados.

MTB2.4.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados.

MTB3.4.1. Coñece e utiliza as unidades de medida do tempo e as súas relacións. Minuto, hora, día, semana e ano.

MTB3.4.3. Resolve problemas sinxelos da vida diaria utilizando as medidas temporais e as súas relacións.

MTB5.1.2. Resolve sinxelos problemas nos que interveña a lectura de gráficos.

B1.3. Comprensión e produción de textos orais sinxelos para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (breves exposición ante a clase, conversas sobre contidos de aprendizaxe e explicación sobre a organización do traballo).

B1.5. Participación e cooperación nas situacións comunicativas da aula (peticións, anuncios, ordes, explicacións sinxelas, avisos, instrucións, conversas ou narracións de feitos vitais, emocións e sentimentos), con valoración e respecto das normas que rexen a interacción oral (quendas de palabra, ton adecuado, mantemento do tema, mostra de interese, mirar a quen fala, actitude receptiva de escoita e respecto ás opinións das demais persoas).

B2.3. Localización de información en textos para aprender vinculados á experiencia, tanto en textos producidos con finalidade didáctica como nos de uso cotián (folletos, descricións, instrucións e explicacións).

B2.6. Introducción ao uso das bibliotecas da aula e do centro, como instrumento cotián de busca de información e fonte de recursos textuais diversos.

B2.9. Adquisición progresiva da autonomía lectora, da capacidade de elección de temas e de textos e de expresión das preferencias persoais.

B1.3. Comprender e producir textos orais sinxelos, propios do uso cotián ou do ámbito académico.

B1.5. Participar nas diversas situacións de intercambio oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral.

B2.1. Comprender e localizar información explícita en textos sinxelos de uso cotián ou procedentes dos medios de comunicación.

2.4. Usar as bibliotecas de aula, e de centro respectando as normas básicas de funcionamento.

B2.7. Amosar certa autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese, así como ser quen de expresar preferencias.

LGB1.3.3. Elabora e produce textos orais moi breves ante a clase.

LGB1.5.6. Participa na conversa formulando e contestando preguntas.

LGB2.1.3. Localiza información en textos vinculados á experiencia, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (folletos, descricións, instrucións e explicacións).

LGB2.4.1. Utiliza as bibliotecas de aula e de centro, respectando as normas básicas e máis sinxelas do seu funcionamento.

LGB2.4.2. Valora a utilidade das bibliotecas de aula e de centro e manipula os libros con coidado, devolvéndoo ao seu sitio logo de lelos.

LGB2.7.2. Expresa de maneira sinxela, opinión e valoracións sobre as lecturas feitas.

LINGUA GALEGA E LITERATURA	B3.2. Composición de textos sinxelos propios dos medios de comunicación clave social e/ou dos seus elementos (notas, titulares, pés de foto...) sobre acontecementos próximos á experiencia do alumnado en soportes habituais no ámbito escolar. B3.3. Composición de textos sinxelos relacionados coa escola para obter, organizar e comunicar información (cuestionarios, listaxes, descrições, explicacións elementais). B3.6. Creación de textos sinxelos con intención informativa utilizando a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic. B3.8. Utilización de elementos gráficos e sinxelos como a ilustración para facilitar a comprensión. B5.3. Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e á autonomía lectoras.	B3.1. Producir e reescribir textos sinxelos, relativos a situacións cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación ou os relacionados coa escola, respectando as convencións elementais da escrita. B3.2. Elaborar textos moi sinxelos que combinen a linguaxe verbal e a non verbal. B3.5. Utilizar recursos gráficos, como a ilustración, que faciliten a comprensión de textos. B5.2. Ler, de forma guiada, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e á autonomía lectoras.	LGB3.1.2. Elabora pequenos textos con certa coherencia e de xeito creativo. LGB3.1.4. Aplica, de maneira xeral, as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas. LGB3.1.6. Compón textos relacionados coa escola: listaxes, descrições e explicacións elementais. LGB3.2.1. Elabora textos sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic. LGB3.5.1. Ilustra creativamente os seus escritos con imaxes redundantes co seu contido. LGB5.2.2. Le, de forma guiada, textos en voz alta, adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade lectora.
EDUCACIÓN PLÁSTICA	B.2.1 Uso de diferentes formas, texturas e cores nas producións. B.2.2 Elaboración de debuxos, pinturas, colaxes, estampaxes, encartados, ilustracións, volumes, encartado de formas...	B.2.1 Probar en producións propias as posibilidades que adoptan as formas, texturas e cores. B.2.3 Realizar composicións plásticas que representen o mundo imaxinario afectivo e social.	EPB2.1.4 Sitúa elementos no espazo nas producións plásticas. EPB2.2.2 Elabora portadas, colaxes e outros obxectos empregando as ferramentas básicas (recortar, pergarnar, encher, usar pinceis, rotuladores, lapis de cores, etc.).

CALENDARIO DAS TAREFAS

TAREFA	DATAS	PERSOAS IMPLICADAS
INVESTIGACION DAS PREGUNTAS	Recollida información: 8 ao 12 de marzo. Exposición da información: 13 de marzo a 28 de marzo.	Deseño da actividade: titoras. Recollida información: alumnado coas familias (sobre todo avós e avoas). Exposición da información: alumnado de 1º.
LIÑA DO TEMPO	Do 8 ao 28 de marzo	Deseño da actividade: titoras. Realización da actividade: alumnado 1º.
CALENDARIO	Do 8 ao 28 de marzo	Deseño da actividade: titoras. Realización da actividade: alumnado 1º.
CONTROL DE TEMPERATURA-AUGA	Do 8 ao 28 de marzo	Deseño da actividade: titoras. Realización da actividade: alumnado 1º.
LECTURA DE LIBROS ATOPADOS NA BIBLIOTECA DURANTE O RECREO	Do 8 de marzo ao 7 de abril	Deseño da actividade: titoras. Realización da actividade: alumnado 1º. Colaboradoras: Equipo de biblioteca e profesorado que fai garda de recreo na biblioteca.
OVO POR DENTRO	10 de marzo	Deseño da actividade: titoras. Realización da actividade: alumnado 1º.
PARTES DA GALIÑA	13 de marzo	Deseño da actividade: titoras. Realización da actividade: alumnado 1º.
COMPARACIÓN UN OVO AZUL E UN OVO CLÁSICO	14 de marzo	Deseño da actividade: titoras. Realización da actividade: alumnado 1º.
OVOSCOPIO	21 de marzo	Deseño da actividade: titoras. Realización da actividade: alumnado 1º.
TEMPO DE COCCIÓN	21 de marzo	Deseño da actividade: titoras. Realización da actividade: alumnado 1º.
O CICLO DA GALIÑA	22 de marzo	Deseño da actividade: titoras. Realización da actividade: alumnado 1º.
EXPOSICIÓN AO RESTO DE AULAS	Do 22 ao 29 de marzo	Deseño da actividade: titoras. Realización da actividade: alumnado 1º. Observadores: Alumnado de infantil e de 2º e 3º de EP.
RECEITAS DE PRATOS COCIÑADOS CON OVOS	Do 23 ao 26 de marzo recollida da información Traballo na aula do 27 ao 31 de marzo	Deseño da actividade: titoras. Recollida información: alumnado coas familias Realización da actividade: alumnado 1º.
CREACIÓN PLÁSTICA DUNHA GALIÑA	24 de marzo	Deseño da actividade: titoras. Realización da actividade: alumnado 1º.
CADUCIDADE DO OVO	29 de marzo 5 de abril 28 de abril	Deseño da actividade: titoras. Realización da actividade: alumnado 1º.
CÓDIGOS DOS OVOS	29 de marzo	Deseño da actividade: titoras. Realización da actividade: alumnado 1º.
MAPA MENTAL	30 de marzo	Deseño da actividade: titoras. Realización da actividade: alumnado 1º.
COIDADO DOS PITIÑOS	31 de marzo-7 de abril	Deseño da actividade: titoras. Realización da actividade: alumnado 1º.
NA PROCURA DO PITIÑO LECTOR	4 de abril	Deseño da actividade: titoras e Equipo de biblioteca. Realización da actividade: alumnado 1º.
SORTEO DOS PITIÑOS	4 de abril	Deseño da actividade: titoras. Realización da actividade: alumnado 1º.
LECTURA COMPRENSIVA DUNHA OVEIRA	6 de abril	Deseño da actividade: titoras. Realización da actividade: alumnado 1º.
NUBES DE PALABRAS DO QUE REPRESENTOU O PROXECTO PARA NÓS	7 de abril	Deseño da actividade: titoras. Realización da actividade: alumnado 1º.
AVALIACIÓN	Durante todo o proceso 7 de abril	Deseño da actividade: titoras. Realización da actividade: alumnado 1º.

b. OBXECTO OU TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN PROPOSTOS

O obxectivo do proxecto é a observación e a investigación do proceso de incubación dun ovo para que descubran o desenvolvemento do embrión ata que nace e se converte nun pitiño.

c. DESCRICIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA

A **primeira fase** do proxecto é de **investigación**. O alumnado xunto coas súas familias buscaron respostas a estas preguntas que nos fixemos na aula sobre o proceso:

- Como sabemos se un ovo foi fertilizado?
- Podemos comer os ovos de todos os animais?
- Como sabe unha galiña cales son os seus ovos?
- Que comen as galiñas?
- Como saen os pitiños do ovo?
- Que hai dentro dun ovo
- En que se parece e se diferencia unha galiña dun galo?
- A que temperatura ten que estar a incubadora para que nazan os pitiños? É sempre a mesma temperatura durante os 21 días?
- As galiñas son felices no galiñeiro?
- Que outros animais nacen do ovo?
- Que produtos se elaboran con ovos?
- Os ovos caducan? Cando?

Para buscar esta información puideron acudir á biblioteca do centro ou a do Concello nas que hai recursos bibliográficos e recursos TIC.

Na **segunda fase** puxemos a incubadora. Marcamos os ovos cun círculo e cunha cruz para non equivocarnos ao darlles a volta cada día. Engadimos auga e puxemos a temperatura axeitada.

Mentres agardábamnos a que nacesen os pitiños fixemos diferentes actividades, experimentos e presentacións:

- Presentación aos compañeiros e compañeiras da aula dos resultados das investigacións coas familias.
- Liña do tempo.
- Fichas sobre as partes das galiñas, mapa mental...
- Comprobación da caducidade dos ovos.
- Uso do ovoscopio.
- Actividade de robótica.
- Exposición ao resto dos cursos.
- Etc.

A **terceira fase** é o nacemento dos pitiños. O seu coidado e a adopción por parte das persoas gañadoras do sorteo.

d. DOCUMENTACIÓN

A documentación que se elaborou para o profesorado e os membros do Equipo de Biblioteca foi un documento guía co deseño e secuenciación das actividades, así como as fichas individuais e as pistas que se precisaron para atopar os libros co robot na aula.

Para as familias elaboráronse diversas cartas informativas segundo a actividade que se lles solicitaba.

e. RELACIÓN DAS TAREFAS

TAREFA	TIPO ACTIVIDADE	COMPETENCIA QUE DESENVOLVE
INVESTIGACION DAS PREGUNTAS	Individual-en familia (sobre todo os avós e avoas)	CCL, CMCT, CD, CAA, CSIEE, CCEC
OVO POR DENTRO	Individual-ficha-observación directa dun ovo por dentro	CCL, CMCT, CAA
CÓDIGOS DOS OVOS	Individual-ficha	CCL, CMCT
PARTES DA GALIÑA	Individual-ficha	CCL, CMCT
MAPA MENTAL	Individual-ficha	CCL, CMCT
CREACIÓN PLÁSTICA DUNHA GALIÑA	Individual-ficha	CCL, CMCT
O CICLO DA GAIÑA	Cooperativa-folio xiratorio	CCL, CMCT, CAA, CSIEE
LECTURA COMPRENSIVA DUNHA OVEIRA	Cooperativa-estrutura 1,2,4	CCL, CMCT, CAA, CSIEE
RECEITAS DE PRATOS COCIÑADOS CON OVOS	Individual-en familia	CCL, CMCT, CD, CAA, CSIEE, CCEC
NA PROCURA DO PITIÑO LECTOR	Colaborativa-Robótica	CCL, CMCT, CD, CAA, CSIEE
OVOSCOPIO	Individual-Observación-Experimentación	CMCT, CAA, CSIEE
CADUCIDADE DO OVO	Individual-Observación-Experimentación	CMCT, CAA, CSIEE
TEMPO DE COCCIÓN	Individual-Interpretación de gráfica-Observación-Experimentación con ovos cocidos durante diferente tempo	CCL, CMCT, CAA, CSIEE
LIÑA DO TEMPO	Grupo aula	CCL, CMCT, CAA
CALENDARIO	Grupo aula	CCL, CMCT, CAA
CONTROL DE TEMPERATURA-AUGA	Grupo aula	CMCT, CAA, CSIEE
EXPOSICIÓN AO RESTO DE AULAS	Grupo aula	CCL, CMCT, CAA, CSC, CSIEE
NUBES DE PALABRAS DO QUE REPRESENTOU O PROXECTO PARA NÓS	Dispositivo móbil-grupo aula	CCL, CMCT, CD, CAA, CSIEE
COIDADO DOS PITIÑOS	Grupo-aula	CMCT, CAA, CSC, CSIEE, CCEC
COMPARACIÓN UN OVO AZUL E UN OVO CLÁSICO	Individual-Observación-Experimentación	CMCT, CAA, CSIEE
LECTURA DE LIBROS ATOPADOS NA BIBLIOTECA DURANTE O RECREO	Individual-libros	CCL, CMCT, CAA
SORTEO DOS PITIÑOS	Grupo aula	CSC
AVALIACIÓN	Individual-grupo aula	CCL, CMCT, CD, CAA, CSC, CSIEE, CCEC

f. RECURSOS EMPREGADOS

MATERIAIS	HUMANOS
Incubadora.	O alumnado.
Plataforma xiratoria da incubadora.	As familias.
Ovoscopio.	O conxerse
Ovos.	O equipo docente.
Alimento para pitos.	O equipo de biblioteca.
Robot.	
Libros de consulta.	
Cartolinas, ceras, tesorias...	
Madeira, rede...	

PRINCIPAIS FONTES CONSULTADAS PARA A INVESTIGACIÓN

PÁXINAS WEB

- <http://zoo-planet.es/wp-content/uploads/2012/04/Guia-de-incubacion-huevos-gallina.pdf>
- <http://tucorral.blogspot.com.es/2011/08/guia-de-incubacion-para-huevos-de.html>
- <http://www.incubadorasynacedoras.com/incubacion/temperatura-de-la-incubadora/>
- <http://ocw.upm.es/produccion-animal/produccion-avicola/contenidos>
- <https://gl.wikipedia.org/wiki/Gali%C3%B1a>
- <http://www.quecome.com/que-comen-las-gallinas/>
- <http://guidewhat.com/belleza/como-hacer-un-champu-de-huevo.php>
- http://huevito.es/condetalle_2.html
- <https://www.ocu.org/alimentacion/alimentos/informe/huevos-beneficios>
- <https://verdecora.es/blog/gallinas-huevos/>
- <http://preescolarcosta.galeon.com/pagina20.htm>
- <https://jazzmic.wordpress.com/2010/06/23/huevos/>
- <http://wikifaunia.com/>
- <http://10ejemplos.com/10-ejemplos-de-animales-oviparos>
- <https://irenesm.jimdo.com/art%C3%ADculos-1/cr%C3%ADa-y-reproducci%C3%B3n/huevo-fecundado-y-huevo-sin-fecundar/>
- http://www.ehowenespanol.com/diferencias-gallina-gallo-info_164888/
- http://www.ehowenespanol.com/huevo-fertilizado-como_236128/

BIBLIOGRAFÍA

- ALVAREZ, M. *¡Como esta o galiñeiro!* Xerais, 2002
- CARREIRO, P. *Animais domésticos*. Bolanda Ediciones, 2012
- CASARES, C. *A galiña azul*. GALAXIA, 2002
- CLAUDE D. *La granja*. Editorial SM, 2010
- COURONNE, P. , BARNABÉ-DAUVISTER, J., ALVAREZ, A. C. *Animales de la Granja*, Editorial HEMMA
- CUTBILL, A. *A vaca que puxo un ovo*. Editorial Patas de Peixe, 2009
- LEDU, S. *A miña enciclopedia dos animais*. SM Xerme, 2008
- LÓPEZ, X., CARREIRO, P., CASAL, S. *O soño do galo*. A Nosa Terra, 2002
- MALO, M. *A granxa*. Sotelo Blanco, 2002
- MARTÍNEZ, P., SOMÀ, M. *A galiña roxa*. Kalandraka, 2012
- PATRICK, D. *Animais da granxa*. Baía Edicións, 2009
- RIBAS, M. A. *COCOROCO*. Editorial Sotelo Blanco, 1989
- SANCHEZ, G. *Adiviñas de animais*. Alfaguara Obradoiro, 2004
- SEIX, V. *Crea con huevos*. Parramón, 2009
- VV. AA. *O galo pinto*. A NOSA TERRA, 1999

g. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA

A maior implicación do proxecto foi do noso alumnado e do alumnado das restantes aulas. A súa predisposición á investigación e á exposición fixo que o proxecto fose crescendo día a día e chegase cada vez a máis persoas.

O Equipo de biblioteca estivo todo o tempo pendente e axudándonos en todo o que precisamos.

O conserxe foi unha peza moi importante: instalou o punto de conexión á electricidade que se precisaba, montou a caixa para cando nacesen os pitiños, foi durante a fin de semana ao colexio para darlles de comer e beber ata que foron adoptados...

O Equipo directivo estivo pendente, colaborando en todo o proxecto, proporcionándonos todo o preciso e axudándonos nos imprevistos que foron aparecendo.

O Equipo de Normalización lingüística elaborou un programa de radio dedicado ao proxecto e un artigo na revista do colexio.

h. DIFUSIÓN DO TRABALLO

Correo electrónico, para convidar a pasar polo corredor de 1º e ver a incubadora e os paneis informativos.

O programa de radio do colexio que informaba do proxecto e lle dedicou un programa especial.

O boca a boca, que funcionou moi ben entre o alumnado, acudindo nos recreos a ver se nacían os pitiños.

O artigo da revista do colexio que chegou a todas as familias.

En facebook foise poñendo fotos de todo o proceso, o que creou grande expectación e seguimento.

i. AVALIACIÓN

A avaliación foi continua e variada de todo o proceso, tanto do alumnado como do deseño do proxecto.

No deseño do proxecto autoavaliámos cunha reflexión se se cumpriron todos os obxectivos do proxecto e se se acadou o produto final esperado.

Na avaliación do alumnado realizouse unha avaliación inicial con preguntas sobre o que sabían sobre o tema, unha avaliación continua (observación directa, listas de control e nubes de palabras) e unha avaliación final (debuxo con frase na que indicar que foi o que aprenderon do proxecto).

Grazas a avaliación continua do proxecto fomos introducindo modificacións á programación inicial, adaptándonos ao noso alumnado e ao que nos foron demandando o resto de aulas.

Na avaliación do alumnado púxose de manifesto que aprender investigando e en equipo produce satisfacción e un aumento da motivación cara a adquisición de novas aprendizaxes.

i. FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA

O Equipo de Biblioteca participou tanto no deseño coma na posta en práctica do proxecto.

Facilitáronnos materiais bibliográficos, axudáronnos coas pistas do robot e o profesorado que fai garda na biblioteca durante os recreos e polas tardes, colaborando co alumnado e as familias na procura dos libros máis axeitados.

Na páxina web <https://slamela.wixsite.com/pitos> pódense atopar información e fotografías de todo o proxecto dende que puxemos a incubadora ata que naceron os pitiños e foron adoptados polos nenos e nenas de 1ºA e 1ºB.